

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
BUEU

Ordenanzas e Regulamentos

*ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN
VECIÑAL E DO SEU TEXTO ÍNTEGRO*

Expediente: 2972/2019-Relacionado co expdt. 2017/2019- Cód. SIA 1778996/CONSULTA
PUBLICA PREVIA AO REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Código SIA: 1441036

Asunto: Regulamento de participación veciñal

Unidade Xestora: Secretaría

Documento: Anuncio de alcaldía

Tramite: Publicación do acordo de aprobación definitiva do Regulamento de Participación
veciñal do concello de Bueu e do Texto íntegro do Regulamento.

O Pleno da corporación municipal do concello de Bueu, na sesión ordinaria celebrada con
data 20.1.2020, acordou aprobar inicialmente o REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN
VECIÑAL, de data 12.12.2019.(CSV:45RFYFEHS6CYN6NKQHFHJ73K7).

Con data 30.1.2020, resulta publicado, no BOPPO núm. 20-2020, o anuncio correspondente
á aprobación inicial do regulamento de referencia.

Rematado o prazo de exposición ao público e vistas as alegacións/ suxestións presentadas,
segundo resulta da documentación obrante no expediente administrativo e do informado polo
servizo do rexistro xeral do concello, o Pleno da Corporación municipal en sesión ordinaria
celebrada o 1.06.2020 a proposta do concelleiro delegado de Facenda e Veciñanza, relativa á
resolución das alegacións formuladas e á aprobación definitiva do Regulamento Municipal de
Participación Veciñal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Non aceptar as suxestións correspondentes ao escrito de 09.3.2020 presentado
o 10.03.2020 (RE Nº 1406 2020) formuladas respecto dos artigos 12,19 e 23 do proxecto de
regulamento municipal.

SEGUNDO.- Non aceptar as suxestións correspondentes ao escrito de 06.3.2020 presentado
o 10.03.2020 (RE Nº 1436 2020) formuladas respecto dos artigos 13, 22, 23 e 67 do proxecto
de regulamento municipal.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

TERCEIRO.- Non aceptar as suxestións correspondentes ao escrito presentado por M^a Elisa Dios Ríos o 13.02.2020 (2020-E-RE-277) formulada respecto do artigos 52; as suxestións correspondentes ao escrito de 09.3.2020 presentado o 10.03.2020 por Belarmino Barreiro Rosales (RE N^o 1406 2020) formuladas respecto dos artigos 54, 64 ao 67; e as suxestións correspondentes ao escrito de 06.3.2020 presentado o 10.03.2020 por M^a Elena Estévez Freire (RE N^o 1436 2020) formuladas respecto aos artigos 16, 54 e 67 do proxecto de regulamento municipal, polos seguintes motivos:

a) Por considerar que o marco xurídico que establece o regulamento é moi amplo, o que permite integrar aos órganos de participación existentes, sen que se produzan as disfuncións nos órganos ás que aluden as alegacións relativas ao peso específico de representantes políticos da corporación municipal, motivo polo cal se desestima esta alegación.

b) Considérase que o nivel de compromiso para o desenvolvemento da participación cidadá asumido neste regulamento dentro do noso marco legal é adecuado e suficiente para os fins que se pretenden polo que se mantén a redacción orixinal

c) Non se ten en conta a achega, considérase que a natureza, organización e competencias destes órganos de participación é clara e congruente para o desenvolvemento das funcións que se lles encomenda

CUARTO.- Aceptar as suxestións correspondentes ao escrito de 06.03.2020 presentado por M^a Elena Estévez Freire o 10.03.2020 (RE N^o 1436 2020) formuladas respecto dos artigos 47 e 52 do proxecto de regulamento municipal, respecto da composición paritaria dos Consellos Municipais e Consellos Territoriais, debendo quedar a redacción dos citados artigos como segue:

ARTIGO 47.- Os Concellos Municipais de Área ou Sector, regularanse pola lexislación aplicable, o presente regulamento e as normas complementarias que aprobe o Pleno da Corporación.

En todo caso, a composición dos Consellos Municipais nos que se garantirá a paridade entre mulleres e homes de acordo coa normativa vixente será dun máximo de dezasete membros, incluído o seu presidente, e contará sempre con:

a) Un Presidente que será o Alcalde, ou persoa en quen delegue.

b) Unha cuarta parte dos vocais serán concelleiros/as designados polo Alcalde, a proposta dos voceiros/as dos seus respectivos grupos municipais, garantindo un membro de cada grupo municipal existente na Corporación. De existir un número de grupos superior a $\frac{1}{4}$ do número total de compoñentes, aumentarase a representación destes en deterioro dos $\frac{3}{4}$ restantes. En todo caso, os/as representantes das asociacións do sector non terán nunca menor representación que os que correspondan ó Concello.

c) O resto, hasta un máximo das tres cuartas partes dos vocais, serán representantes das asociacións ou seccións da área correspondente rexistradas no Concello, entidades públicas ou privadas con fins relacionados co interese público e de organizacións sindicais ou empresariais, nos termos que estableza o acordo de creación, procurando como mínimo un /unha representante e unha persoa suplente por cada colectivo. De quedar prazas vacantes cubriranse cun segundo representante comezando polas entidades de maior números de socios/as.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

ARTIGO 52.- Estarán integrados, como máximo, por 17 membros, incluído o Presidente, que serán:

a) Presidente: O Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.

b) Unha cuarta parte dos vocais serán concelleiros/as designados/as polo Alcalde a proposta dos portavoces dos respectivos grupos municipais, garantindo un membro de cada grupo municipal existente na Corporación. De existir un número de grupos superior a $\frac{1}{4}$ do número total de compoñentes, aumentarase a representación destes en deterioro dos $\frac{3}{4}$ restantes. En todo caso, os representantes dos colectivos sociais non terán nunca menor representación que os que correspondan ó Concello.

c) O resto, hasta un máximo das tres cuartas partes dos vocais, serán veciños/as empadroados na parroquia ou barrio, elixidos polas Asociacións veciñais e culturais ou sociais sen ánimo de lucro e entidades públicas e privadas con fins relacionados co interese público, procurando como mínimo un representante por cada colectivo. De quedar prazas vacantes cubriranse cun segundo representante comezando polas entidades de maior números de socios/as, ou excepcionalmente, por representantes de diferentes lugares electos en asemblea pública pola veciñanza.

Na composición garantirase a paridade entre mulleres e homes de acordo coa normativa vixente

QUINTO.- Modificar a redacción orixinaria do artigo 19, que quedará redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 19.- Tamén se poderá someter a consulta popular, unha petición colectiva asinada por un mínimo de veciños e veciñas non inferior ó 15% do censo electoral municipal

SEXTO.- Aprobar definitivamente o regulamento coas modificacións que resultan do apartado CUARTO e QUINTO desta proposta quedando o seu texto definitivo redactado como resulta do anexo que acompaña a presente proposta.

SÉTIMO.- Ordear a publicación do texto íntegro do Regulamento de Participación Veciñal no B.O.P.P.O, na web do concello e no taboleiro electrónico de anuncios do concello.

REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL DO CONCELLO DE BUEU

Expediente: 2972/2019-Cód. SIA1441036

Relacionado co expediente ref. 2017/2019- Cód. SIA 1778996 (CONSULTA PUBLICA PREVIA)

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Asunto: Regulamento de participación veciñal

Unidade xestora: Secretaría

Documento: Regulamento municipal de participación veciñal

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YRANH1X316HOC6



PREÁMBULO

O dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, o acceso á información e a participación cidadá, constitúen parte inseparable da sociedade democrática.

Para que este mecanismo funcione é preciso que a instancia política fomente a participación da veciñanza, xunto coa eficacia, a información e a transparencia na xestión, facendo así do Concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico do seu territorio.

En virtude do disposto na Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, os Concellos deben establecer e regular en normas de carácter orgánico os procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local. Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (arts. 251 a 257 do Capítulo V e arts. 69 a 72 do Capítulo I da Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia e art. 4.1. e Capítulo IV do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), o Concello de Bueu, como complemento a estas, pretende desenvolver unha norma regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos da veciñanza e das entidades que os aglutinan e nas cales se organizan, nomeadamente as asociacións veciñais, as entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresariais, xuvenís, de protección ambiental, de igualdade da muller, de sector, etc. que desenvolven a súa actividade no Concello. É indispensable que os elementos dinamizadores da vida social teñan participación activa na vida política do Concello e actúen como complemento enriquecedor da democracia representativa.

Por outra parte, se a parroquia segue a ser unha estrutura natural no noso país, derivada da organización social do home, convén recuperala como estrutura administrativa e organizativa, coa finalidade de descentralizar a política municipal e garantir unha maior transparencia, rapidez e eficacia na solución dos problemas.

É no nivel local onde o dereito á participación pode ser mellor exercitado, e onde é máis doada a evolución da democracia representativa á democracia participativa.

De non existir vías para a intervención directa de todos os veciños e veciñas na construción do noso futuro como pobo, moitas posibilidades de mellora poden ser estragadas e moitas enerxías desperdiciadas. Un Concello aberto e democrático debe impulsar a acción da cidadanía para acadar unha convivencia plena de dereitos e unha preocupación pola problemática social e cultural do noso pobo.

A participación veciñal, o potenciamento do asociacionismo e o recoñecemento da parroquia como ente con vida propia, son as tres ideas fundamentais deste Regulamento de Participación Cidadá.



Ampárase o regulamento nas seguintes disposicións legais:

- Constitución Española, fundamentalmente nos seus artigos 9.2 e 23.
- Lei Orgánica 3/1984, de 26 de marzo, reguladora da iniciativa legislativa popular.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na modificación operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.

Título Preliminar.- DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.- O Concello de Bueu, no exercizo da potestade regulamentaria e de autoorganización que outorgan os artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 24.b) do Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, regula a organización e o réxime de funcionamento de participación cidadá no seu Municipio.

O obxecto do presente Regulamento é garantir o exercizo dos dereitos de participación mediante a creación dos mecanismos que permitan facilitar a máis ampla información sobre a actividade municipal, promovendo a participación de todos os veciños e veciñas, así como entidades veciñais na xestión municipal.

Os preceptos deste Regulamento aplicaranse preferentemente sempre que non vaian en contra de disposicións de rango legal que sexan de obrigado cumprimento

ARTIGO 2.- Os obxectivos que se pretenden acadar co presente Regulamento, e que teñen carácter de principios básicos, son os seguintes:

- Dar a maior información posible sobre as actividades e a xestión municipal ó mesmo tempo que se facilita e promove a participación veciñal, individual ou en grupo, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos municipais.
- Crear organismos de participación, xa sexa por sectores ou territorios, a fin de que as propostas da veciñanza sexan canalizadas e tidas en conta.
- Fomentar o asociacionismo entre a veciñanza de Bueu nas áreas máis diversas: veciñais, de pais e nais do alumnado, da mocidade, culturais, deportivas e outras de interese cidadán
- Achegar a xestión municipal á veciñanza de Bueu, ao mesmo tempo que serve de garante á solidariedade e ao equilibrio entre as distintas parroquias e lugares do Concello.



- Crear os órganos e mecanismos que garanten o dereito de consulta da veciñanza, conforme ó establecido no artigo 70.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

*TÍTULO 1.- DOS DEREITOS VECIÑAIS.**CAPÍTULO 1.- SOBRE A INFORMACIÓN MUNICIPAL*

ARTIGO 3.- Os dereitos da cidadanía nas súas relacións co Concello serán os contidos na Constitución e no artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, e no artigo 252.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, e demais normativa de aplicación.

ARTIGO 4.- O Concello asume a obriga de elaborar información detallada, comprensible pola cidadanía, e facilmente accesible, relativa ás diferentes facetas da súa actuación e, especialmente, ao funcionamento dos servizos municipais.

En calquera caso, será aplicable, no que poida selo, a Lei 29/2005, de 29 de decembro, de Publicidade e Comunicación Institucional.

ARTIGO 5.- As normas, acordos e, en xeral, as actuacións municipais, serán divulgadas da forma máis sinxela e apropiada para que poidan ser coñecidas polos cidadáns e, como consecuencia poidan exercer os seus dereitos e cumprir as súas obrigacións

A divulgación realizarase segundo o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

En particular, o Concello informará á veciñanza dos contidos das sesións plenarias e das Xuntas de goberno local, a través dos medios que se consideren necesarios para conseguir unha difusión ampla, incluídas as novas tecnoloxías ao servizo da comunicación e da información. Así mesmo, o Concello procurará darlle a máxima publicidade posible ás convocatorias e ordes do día dos Plenos.

ARTIGO 6.- Cando circunstancias de interese público así o aconsellen, previa conformidade do órgano municipal competente, remitira a toda a poboación residente no municipio os acordos e disposicións municipais, sen prexuízo da preceptiva publicación nos diarios oficiais que corresponda .

ARTIGO 7.- Cando o considere oportuno a Alcaldía, ou cando o solicite unha cuarta parte dos concelleiros/as, convocarase á veciñanza interesada a asembleas, co fin de tratar asuntos concretos nos que esta se vexa afectada, recollendo a súa opinión en acta, de cara á futura toma de decisións polos órganos competentes.

ARTIGO 8.- O Concello, a través do Rexistro e da Oficina de Información e Atención Veciñal, canalizará as seguintes funcións:



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

a) Recepción dos cidadáns, ao obxecto de canalizar toda a actividade relacionada coa información a que se refire o presente regulamento, así como facilitarlles a orientación e axuda que precisen no momento inicial da súa visita.

b) Informar achega dos fins, competencias e funcionamento dos distintos Órganos e servizos de competencia municipal. Así mesmo, ofrecer aclaracións e axudas de índole práctica que os cidadáns requiran sobre procedementos e trámites administrativos para os proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

c) Informar sobre estatísticas, sondeos e estudos de opinión á poboación e encuestas de calidade.

d) Recepción das iniciativas, suxestións, queixas e reclamacións dos cidadáns.

e) Informar dos procedementos para dirixirse a outras administracións públicas.

f) Facilitar modelos de solicitude, pregos de condicións e bases de procedementos de concorrencia competitiva e orientar sobre as tramitacións correspondentes.

As funcións de asistencia do servizo de rexistro e atención veciñal previstas neste artigo non poderán substituír, en ningún caso, a aquela información que requira dunha intervención técnica e/ou administrativa especializada dos diferentes servizos, unidades ou departamentos administrativos nos que se estrutura o concello, nin exceder do ámbito competencial propio das Entidades locais.

A Oficina de Información e Atención Veciñal terá a disposición da veciñanza un libro para queixas, suxestións e reclamacións. Para facilitar as mesmas existirá un modelo normalizado en todas as dependencias municipais. Do seu contido darase conta ao Pleno da Corporación con periodicidade semestral.

As queixas, suxestións e reclamacións que se formulen deberán conter, como mínimo, o nome e apelidos do interesado/a, o número do seu Documento de Identidade, Pasaporte ou Tarxeta de Residencia, unha dirección a efectos de notificacións e o obxecto da queixa, suxestión ou reclamación.

Quedan excluídas deste procedemento as cuestións pendentes de resolución xudicial.

ARTIGO 9.- A veciñanza ten dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos municipais e os seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros, nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105 da Constitución.

A denegación ou limitación deste dereito, en todo canto afecte á seguridade e defensa do Estado, a investigación dos delitos ou a intimidade das persoas, deberá verificarse mediante resolución motivada.



A Oficina de Información e Atención Veciñal realizará as xestións que sexan necesarias para que o/a solicitante obteña resposta a súa solicitude no prazo máis breve posible, sen que este poida superar os quince días, e sen que isto supoña entorpecemento das tarefas dos demais servizos municipais.

ARTIGO 10.- Os veciños e veciñas teñen dereito ao uso e utilización dos bens, instalacións e servizos públicos municipais, que se regularán polas súas disposicións específicas.

ARTIGO 11.- O Concello promoverá o papel activo da veciñanza, sen que poida establecer ou prevalecer ningunha discriminación.

Para defender o uso non sexista da linguaxe non administrativa, o Concello normalizará todos aqueles documentos, circulares, impresos e formularios, coa finalidade de facer realidade este dereito na linguaxe referente á veciñanza.

CAPITULO 2º.- DA INICIATIVA VECIÑAL

ARTIGO 12.- Calquera veciño/a ten dereito a presentar iniciativas ou propostas de actuación municipais. Cando as solicitudes vaian avaladas cando menos polo 15% do censo electoral correspondente acreditativo dos veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais serán obrigatoriamente discutidas no Pleno da Corporación, cando se refiran a asuntos de competencia municipal e sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, o Concello informará aos interesados/as sobre o número mínimo de sinaturas requiridas, a fin de que poidan alcanzar a porcentaxe mínimo esixible.

As sinaturas presentaranse en folios numerados, con referencia precisa do obxecto da iniciativa no principio de cada folio, e en cada un deles, ordenados en táboas, o nome e apelidos da persoa asinante, o número do seu Documento Nacional de Identidade e a súa sinatura.

Cando a iniciativa proceda dunha asociación ou dun colectivo deberán figurar os datos de identificación do/da representante da entidade.

ARTIGO 13.- Cando o Concello reciba a iniciativa, someterase a información pública durante un prazo de trinta días.

ARTIGO 14.- As propostas serán sometidas a debate e votación no Pleno no prazo máximo de dous meses a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública.

En todo caso, requirirase o informe previo de legalidade da Secretaría do concello, así como o informe da Intervención do concello cando a iniciativa afecte a dereitos e obrigas de contido económico do Concello.

O voceiro ou representante do grupo de asinantes, colectivo ou asociación poderá facer unha exposición e defensa daquela na Comisión Informativa e no Pleno, quedando a súa intervención reflectida na acta da sesión.



ARTIGO 15.- No caso de que o Pleno aprobe a iniciativa veciñal fará pública a forma e o calendario con que se levará a cabo e destinará no seu caso a partida económica correspondente.

ARTIGO 16.- Os colectivos sociais, por medio do concelleiro/a delegado/a competente ou da alcaldía, poden presentar mocións debidamente fundamentadas e argumentadas e con propostas de acordo claras e precisas que sexan competencia do Pleno Corporativo.

Deberán presentarse cunha antelación de dez días á convocatoria do Pleno para coñecemento da alcaldía e posible inclusión na orde do día do primeiro Pleno que se celebre.

Informarase ás persoas solicitantes do trámite a seguir pola proposta, e de tratarse nalgún dos órganos do Concello, poderase requirir a presenza do autor ou autora na sesión que corresponda, aos efectos de explicala e defendela por si mesmo.

En todo caso, a resolución comunicarase ás persoas interesadas.

CAPITULO 3ª.- DA CONSULTA VECIÑAL

ARTIGO 17.- A alcaldía, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 257 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, previo acordo do Pleno, por maioría absoluta, e autorización do Goberno da Nación, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses da veciñanza, excepto os relativos á Facenda Local.

O acordo ha de conter os termos exactos da consulta, que ha de consistir nunha ou varias preguntas, redactadas de forma inequívoca, a fin de que o corpo electoral pódase pronunciar en sentido afirmativo ou negativo .

O resultado da consulta popular deberase someter á consideración do Pleno no prazo máximo de dous meses despois de realizado o referendo.

ARTIGO 18.- O Concello encargarse de realizar todos os trámites pertinentes para a celebración da consulta popular sobre materias da súa competencia e deberán levarse a cabo coas garantías propias dun proceso electoral, tanto en relación á circunscrición, electores, campaña de información, votación e escrutinio

ARTIGO 19.- Tamén se poderá someter a consulta popular, unha petición colectiva asinada por un mínimo de veciños e veciñas non inferior ó 15% do censo electoral municipal

CAPÍTULO 4ª.- O DEREITO DE ASISTENCIA E INTERVENCIÓN NOS PLENOS

ARTIGO 20.- As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 253 da Lei de Administración Local de Galicia.

ARTIGO 21.- Facilitarase a asistencia ou información simultánea de todo o público interesado en coñecer o desenvolvemento das sesións a través dos medios máis adecuados ao caso.



Igualmente, os representantes dos medios de comunicación social, terán acceso preferente e recibirán as máximas facilidades para cumprir o seu traballo.

ARTIGO 22.- Os representantes legais das diversas asociacións inscritas no rexistro municipal de asociacións poderán intervir naquelas Comisións Informativas nas que figuren asuntos que afecten a este colectivo, sempre que o soliciten ao Presidente da Comisión.

Os representantes legais das asociacións, intervirán con voz, pero sen voto.

ARTIGO 23.- As asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que desexen efectuar unha intervención no Pleno en relación con algún punto da orde do día no que teñan a condición de interesados deberán solicitalo mediante escrito dirixido á Alcaldía antes da celebración do Pleno.

En dito escrito deberán xustificar e motivar a solicitude e a condición de interesados, así como indicar o nome e apelido da persoa que fará a exposición. O representante de tempo suficiente para facer a súa intervención. Poderá ser contestada pola Alcaldía ou polo concelleiro competente, con dereito de réplica. Dita intervención poderá conterse na acta, de oficio ou a instancia de parte.

O número máximo de intervencións en cada sesión será de tres elixidas por orde de rexistro.

A Alcaldía poderá denegar a intervención nos seguintes casos:

- Se é un asunto sobre o que o Concello non ten competencias.
- Se xa se presentou noutra sesión outra petición sobre o mesmo ou similar asunto nos tres meses anteriores.

ARTIGO 24.- Cando o Pleno trate asuntos sobre os que se teña articulado unha iniciativa popular, isto comportará automaticamente o dereito de intervención na sesión plenaria do representante dos proponentes, sexa cal sexa o carácter desta.

ARTIGO 25.- Ao remate de cada sesión do Pleno, a Alcaldía establecerá unha quenda de rogos e preguntas co público asistente sobre temas concretos de competencia municipal, aínda que non formen parte da orde do día.

Permitirase unha quenda de réplica.

A Presidencia ordenará e pechará esta quenda de rogos e preguntas.

CAPÍTULO 5º.- DO DEREITO AO ACCESO E UTILIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

ARTIGO 26.- O Concello impulsará a utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación para facilitar a participación veciñal, para a presentación de documentos e a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas veciñais, así como medio de exercicio de calquera dos dereitos de participación veciñal establecidos no presente regulamento, sempre que fose posible.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

O Concello fomentará o emprego da sinatura electrónica de acordo coas leis e regulamentos que se desenvolvan dentro do proceso de modernización das Administracións Públicas e o seu achegamento progresivo e continuo a veciñanza.

ARTIGO 27.- O Concello porá a disposición da cidadanía unha páxina web onde se informará das actuacións de interese xeral, dos acordos do Pleno e outros órganos de goberno, así como para dar a coñecer a axenda de actividades máis relevante para o municipio.

A páxina web informará, co máximo detalle posible, sobre os proxectos de importancia para o municipio.

Así mesmo, impulsarase na páxina web un espazo onde se poidan presentar ideas, opinións, suxestións, foros de debate sobre temas de interese municipal.

ARTIGO 28.- O Concello elaborará e manterá actualizada unha guía básica de trámites municipais que se publicará na web municipal e será accesible a toda a veciñanza para mellorar a información e a realización de calquera actuación administrativa.

O Concello promoverá a realización de cartas de servizos ou outros instrumentos de control da calidade, onde se recollan os compromisos municipais respecto dos servizos que presta. O seu contido mínimo indicará os medios de avaliación e seguimento deses compromisos.

TÍTULO 2.- DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS E DO SEU REXISTRO MUNICIPAL

CAPÍTULO 1.- DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

ARTIGO 29.- O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitir coñecer ao Concello o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade, ós efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo e da participación veciñal.

ARTIGO 30.- Poderán ser inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades e asociacións sen afán de lucro legalmente constituídas de acordo á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito a Asociación, de funcionamento democrático que teñan como obxectivos a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses dos e das veciñas do municipio e, en particular, as asociacións de veciños, de pais e nais do alumnos e alumnas, de defensa da igualdade, do medio ambiente, culturais, deportivas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e outras similares, que o seu ámbito de actuación comprenda, en todo caso, o termo municipal ou parte deste e que teñan nel a súa sede social.

Haberá un anexo a este Rexistro para asociacións en trámite ou xuntas xestoras. Pasados seis meses sen legalizar, por causas non xustificables, darase de baixa forzosa. Mentres tanto, terá os mesmos dereitos cas de máis asociacións.

ARTIGO 31.- A inscrición das asociacións deberá conter os seguinte datos:

- Denominación.
- Sede social.



- Fins e actividades estatutarias.
- Ámbito territorial de actuación.
- Identidade dos titulares dos órganos de goberno e representación.
- Apertura e peche de delegacións ou establecementos da entidade.
- Data de constitución e a de inserción.
- Declaración e a revogación da condición de utilidade pública.
- A pertenza a outras asociacións, federacións, confederacións e unións ou entidades internacionais.
- A baixa, suspensión ou disolución da asociación, e as súas causas.

A solicitude de inscrición, dirixida á alcaldía, presentarase no Rexistro Xeral, e tramitarase a través da Secretaría Xeral do Concello, que terá ao seu cargo o Rexistro Municipal de Asociacións, sendo os datos públicos. Para facer efectiva a inscrición, as entidades deberán presentar:

- Copia dos estatutos ou normas de funcionamento vixentes.
- Copia da tarxeta co Número de Identificación Fiscal (NIF).
- Certificación expedida polo Secretario co Vº e prace do Presidente/a do acordo adoptado polo órgano competente de nomeamento dos cargos directivos, especificando para cada cargo o nome e apelidos.
- Certificación expedida polo Secretario co Vº e Prace do Presidente/a do número de socios inscritos no momento da solicitude.
- Certificación expedida polo Secretario co Vº e Prace do Presidente/a do acordo adoptado polo órgano competente no que se recolla o orzamento para o ano en curso, de habelo .
- Certificación expedida polo Secretario co Vº e Prace do Presidente/a do acordo adoptado polo órgano competente no que se recolla o programa de actividades para o ano en curso, de habelo.

ARTIGO 32.- No prazo de quince días dende a solicitude de inscrición, salvo que se interrompa o proceso pola necesidade de ampliar a documentación, o Concello procederá a inscrición da asociación no libro rexistro de asociacións. Inmediatamente notificará a Asociación o seu número de inscrición para que esta teña a constancia expresa.

ARTIGO 33.- As Asociacións inscritas están obrigadas a actualizar os datos do rexistro, notificando cantas modificacións se producen.

O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o Concello poida dar de baixa a Asociación no Rexistro.

ARTIGO 34.- Para acadar que as asociacións poidan desenvolver as súas actividades con plenas garantías, o Concello colaborará en:

a) Programas de formación e capacitación na xestión, na dinamización e no pulo do movemento asociativo.



- b) Un servizo de asesoramento a diferentes niveis de participación e xestión.
- c) A achega de recursos para promover a realización das súas actividades.

ARTIGO 35.- Serán causa da cancelación da inscrición:

- A disolución da asociación por calquera causa.
- A falta de actividade durante un ano.
- O incumprimento das obrigas contempladas nos artigos anteriores.
- A perda dalgunha das condicións para ser inscrita.

CAPITULO 2.-DAS ENTIDADES REXISTRADAS.

ARTIGO 36.- As Asociacións que figuren no Rexistro, terán os seguintes dereitos:

- a) Participar na xestión municipal nos termos contemplados no presente regulamento.
- b) Acollerse aos dereitos de consulta popular, información ou calquera outro recoñecemento pola lei ou polo presente regulamento
- c) Propor aos seus representantes nos órganos de participación que contemple este regulamento.
- d) Ser notificados das convocatorias e ordes do día dos órganos colexiados municipais, cando figuren cuestións consideradas pola Asociación.
- e) As actas das Xuntas de goberno local e Plenos estarán a disposición dos veciños nos locais públicos.
- f) Recibir as publicacións periódicas, ou non, que edite o Concello.
- g) Acceder ao uso dos medios públicos municipais, especialmente aos locais e aos medios, de comunicación, como a web municipal, coas limitacións que impoña a coincidencia de uso por parte de varios deles ou polo Concello, e serán responsables do trato dado. O uso dos medios públicos municipais, deberá ser solicitado e concertado previamente.

A divulgación da información e/ou documentos que resulte deste artigo, realizarase segundo o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

ARTIGO 37.- Na medida en que o permitan os recursos orzamentados, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións e entidades tanto polo que se refire aos seus gastos xerais, como polas actividades que realicen. Para isto, o Presuposto Municipal contemplará unha partida destinada a tal fin, e nas súas bases de execución estableceranse os criterios de distribución das mesmas.



ARTIGO 38.- Para gozar das subvencións municipais é imprescindible a presentación dunha memoria que constará, como mínimo, das actividades a realizar e do orzamento económico.

ARTIGO 39.- Os dereitos recoñecidos ás Asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, recoñecidos neste regulamento, soamente serán exercitables por aquelas entidades ou Asociacións que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

CAPÍTULO III.- DA DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL

ARTIGO 40.- As asociacións inscritas no rexistro municipal con arranxo ás presentes normas, poderán ser recoñecidas de utilidade pública municipal cando o seu obxecto social e as actividades que realicen no municipio teñan carácter complementario con respecto ás competencias municipais.

Para valorar a procedencia do recoñecemento de utilidade pública municipal teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Que os seus fins estatutarios tendan a promover o interese xeral e sexan de carácter cívico, educativo, científico, cultural, deportivo, sanitario, de promoción dos dereitos humanos, de asistencia social, de cooperación ao desenvolvemento, de defensa de consumidores e usuarios, defensa do medio ambiente, de fomento da economía social ou da investigación e calquera outro de natureza similar.

b) Que os membros dos órganos de representación da asociación que perciban retribucións non o fagan con cargo a fondos públicos ou subvencións.

c) Que contén cos medios persoais e materiais adecuados e coa organización idónea que garante o funcionamento democrático da asociación e o cumprimento dos fins estatutarios.

d) Que estean inscritas no rexistro municipal de asociacións, en funcionamento e dando cumprimento efectivo aos seus fins estatutarios ininterrompidamente e concorrendo todos os precedentes requisitos polo menos durante os cinco anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude de declaración de utilidade pública municipal.

ARTIGO 41.- O procedemento de declaración de utilidade pública municipal rexerese polo disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Iniciarase a instancia da asociación interesada mediante solicitude dirixida a Alcaldía. Acompañarase a seguinte documentación:

a) Certificación do número de socios e socias ao corrente de cotas no momento de solicitar o recoñecemento de utilidade.

b) Memoria das actividades, convenios, concertos ou actividades similares de colaboración co Concello realizadas pola entidade dende a súa fundación.

c) Calquera outro documento que se considere necesario para valorar xustamente a procedencia do recoñecemento interesado, conforme cos criterios establecidos neste regulamento e nas leis.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

ARTIGO 42.- A Concellería competente en materia de participación cidadá apreciará, de forma motivada, a procedencia de conceder ou denegar a declaración solicitada, que se elevará ao Pleno da Corporación. Unha vez acordado dito recoñecemento, inscribírase de oficio tal condición no Rexistro Municipal de Asociacións.

ARTIGO 43.- O recoñecemento dunha asociación como de utilidade pública municipal comporta o dereito a utilizar a mención de “utilidade pública municipal” en todos os seus documentos. Así mesmo gozarán dos beneficios fiscais que a lexislación vixente aplica a estas entidades e as que o Concello, na súa competencia, poida establecer.

TÍTULO 3º. -DA PARTICIPACIÓN VECIÑAL NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS
CAPÍTULO 1.- DOS ÓRGANOS ESPECÍFICOS DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL.

ARTIGO 44.- Os órganos específicos para canalizar a participación veciñal, serán os Concellos Municipais de Área ou Sectoriais e os Concellos Territoriais.

SECCIÓN 1.-DOS CONSELLOS SECTORIAIS

ARTIGO 45.- Os Concellos Sectoriais, son órganos de participación, información, seguimento e proposta á xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencias, integrados por concelleiros/as, e por representantes de asociacións e veciños/as, baixo a presidencia do Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.

Crearanse por acordo plenario da Corporación os seguintes: Cultura, Escolar, Deporte, Mocidade, Consello Económico e Social, Sanidade e Saúde, Urbanismo, Medio Ambiente, Muller e Persoas Maiores.

ARTIGO 46.- Ademais dos Consellos referidos no artigo anterior, poderanse constituír outros, que se consideren oportunos a proposta da alcaldía ou da Concellería-Delegada de Área.

ARTIGO 47.- Os Concellos Municipais de Área ou Sector, regularanse pola lexislación aplicable, o presente regulamento e as normas complementarias que aprobe o Pleno da Corporación.

En todo caso, a composición dos Consellos Municipais nos que se garantirá a paridade entre mulleres e homes de acordo coa normativa vixente será dun máximo de dezasete membros, incluído o seu presidente, e contará sempre con:

a) Un Presidente que será o Alcalde, ou persoa en quen delegue.

b) Unha cuarta parte dos vocais serán concelleiros/as designados polo Alcalde, a proposta dos voceiros/as dos seus respectivos grupos municipais, garantindo un membro de cada grupo municipal existente na Corporación. De existir un número de grupos superior a $\frac{1}{4}$ do número total de compoñentes, aumentarase a representación destes en deterioro dos $\frac{3}{4}$ restantes. En todo caso, os/as representantes das asociacións do sector non terán nunca menor representación que os que correspondan ó Concello.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

c) O resto, hasta un máximo das tres cuartas partes dos vocais, serán representantes das asociacións ou seccións da área correspondente rexistradas no Concello, entidades públicas ou privadas con fins relacionados co interese público e de organizacións sindicais ou empresariais, nos termos que estableza o acordo de creación, procurando como mínimo un /unha representante e unha persoa suplente por cada colectivo. De quedar prazas vacantes cubriranse cun segundo representante comezando polas entidades de maior números de socios/as.

ARTIGO 48.- Ademais do disposto na lexislación sectorial aplicable, serán en todo caso facultade dos Consellos Sectoriais:

a) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para ser discutidas nas Comisións Informativas Municipais correspondentes, así como colaborar nos estudos e na elaboración de programas e proxectos e facer un seguimento dos órganos municipais.

b) Debater o programa anual de actuacións municipais e o seu presuposto e facer un seguimento da execución da anualidade anterior.

c) Ser consultados no caso en que os órganos municipais debatan e aproben asuntos de especial incidencia no sector en que se trate.

d) Propoñer ó Pleno da Corporación, Xunta de Goberno, Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a as fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co seu ámbito sectorial.

e) Emitir informes a iniciativa propia e do Pleno ou do Alcalde, sobre materias relacionadas co sector da súa competencia.

f) Formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos da administración municipal e organismos autónomos relacionados coa área competencial do consello sectorial.

g) Exercer aquelas outras funcións de natureza similar que se determinen no acordo plenario de creación ou, no seu caso, no regulamento de funcionamento.

h) Contribuír na elaboración dos Orzamentos Xerais Municipais Participativos, para o cal deberan celebrar unha sesión anterior á conformación do Orzamento aprobarán as propostas ordenadas prioritariamente. O goberno municipal recollerá nesta, ou en próximas anualidades, as propostas de interese e factibles economicamente, procurando un reparto equilibrado, non discriminatorio e respectuoso con todos os sectores.

i) Emitir informe non vinculante e previo á a probación dos Orzamentos Xerais ou sobre materias relacionadas co sector da súa competencia.

ARTIGO 49.- Os Consellos Sectoriais reuniranse en sesión ordinaria unha vez cada seis meses, ou cando o estimen necesario para o cumprimento dos seus obxectivos, ou cando o demande un terzo dos e das súas integrantes e sempre antes da conformación do orzamento xeral municipal, podendo facer uso dos locais e medios públicos municipais.



SECCIÓN 2.- DOS CONSELLOS TERRITORIAIS

ARTIGO 50.- Os Consellos Territoriais son órganos de xestión e canles de participación e expresión dos intereses específicos da poboación das distintas parroquias e lugares de Bueu.

Constituirase un Consello por cada unha das parroquias do Concello, e a súa composición e réxime de funcionamento e organización quedará fixado polas normas reguladoras que aprobe o Pleno da Corporación.

Como norma xeral nestes Consellos, garantirase a participación de tódalas asociacións da parroquia ou territorios, podendo a maiores e excepcionalmente incorporar representantes dos barrios, elixidos en asemblea pola veciñanza.

ARTIGO 51.- Sen prexuízo do disposto en normas de rango superior, serán competencia destes Consellos, a formulación de propostas, suxestións e iniciativas referidas ás actuacións públicas municipais na Parroquia ou Lugares, coa finalidade de integrar a participación da cidadanía e das asociacións nos asuntos municipais de especial transcendencia como son:

a) Informar durante o proceso dos seguintes actos administrativos e disposicións: Plan de Actuación Municipal, Actuacións de urbanismo, Plans de conxunto sobre saneamento, vivenda, ensino e outros servizos públicos.

b) Facer chegar á Alcaldía ou aos órganos municipais correspondentes, as demandas e aspiracións de cada parroquia.

c) Emitir informe non vinculante nos seguintes casos: Aprobación de Plans Parciais e Especiais de ordenación urbanística, aprobación de Plans e proxectos de equipamentos, aprobación de proxectos municipais.

d) Informar aos veciños e entidades da actividade municipal en xeral e do Consello Parroquial.

e) Elaborar estudos sobre as necesidades da parroquia.

f) Contribuír na elaboración dos Orzamentos Xerais Municipais Participativos, para o cal deberán celebrar unha sesión anterior á conformación do Orzamento na que aprobarán propostas ordenadas prioritariamente. O goberno municipal recollerá nesta, ou en próximas anualidades, as propostas de interese e factibles economicamente, procurando un reparto equilibrado, non discriminatorio e respectuoso con todos os territorios municipais.

g) Emitir informe non vinculante e previo á a probación dos Orzamentos Xerais ou sobre materias relacionadas co seu ámbito territorial.

h) Calquera outra que o Pleno estime oportuna e inclúa dentro do seu réxime de funcionamento.

ARTIGO 52.- Estarán integrados, como máximo, por 17 membros, incluído o Presidente, que serán:

a) Presidente: O Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

b) Unha cuarta parte dos vocais serán concelleiros/as designados/as polo Alcalde a proposta dos portavoces dos respectivos grupos municipais, garantindo un membro de cada grupo municipal existente na Corporación. De existir un número de grupos superior a $\frac{1}{4}$ do número total de compoñentes, aumentarase a representación destes en deterioro dos $\frac{3}{4}$ restantes. En todo caso, os representantes dos colectivos sociais non terán nunca menor representación que os que correspondan ó Concello.

c) O resto, hasta un máximo das tres cuartas partes dos vocais, serán veciños/as empadroados na parroquia ou barrio, elixidos polas Asociacións veciñais e culturais ou sociais sen ánimo de lucro e entidades públicas e privadas con fins relacionados co interese público, procurando como mínimo un representante por cada colectivo. De quedar prazas vacantes cubriranse cun segundo representante comezando polas entidades de maior número de socios/as, ou excepcionalmente, por representantes de diferentes lugares electos en asemblea pública pola veciñanza.

Na composición garantirase a paridade entre mulleres e homes de acordo coa normativa vixente

ARTIGO 53.- Os Consellos Consultivos Territoriais denominaranse “Consello Parroquial”, cando o seu ámbito se circunscriba a unha parroquia e “Consello de Barrio ou Lugar” cando o seu ámbito territorial se estenda a un barrio ou a lugares do rural.

ARTIGO 54.- O ámbito pormenorizado dos Consellos Territoriais definirase no acordo de creación tendo en conta, entre outros, as peculiaridades socioeconómicas, históricas, ou o tipo de asentamento.

O ámbito territorial dos “Consellos Parroquiais” será o do territorio abarcado polas parroquias de Cela e Beluso.

A de Bueu (debido á súa extensión e concentración de poboación) poderá desdoblarse en dous Consellos Territoriais que abarcarán, un o territorio da vila e outro os lugares de fóra da vila.

O Consello de Lugar de Ermelo, Meiro e A Portela terá ese ámbito pola configuración electoral e territorial, historia e tradición.

ARTIGO 55.- Os Consellos Parroquiais reuniranse en sesión ordinaria unha vez cada seis meses, ou cando o estimen necesario para o cumprimento dos seus obxectivos, ou cando o demande un terzo dos e das súas integrantes e sempre antes da conformación do orzamento xeral municipal, podendo facer uso dos locais e medios públicos municipais.

As sesións serán abertas a todos os veciños e veciñas da parroquia, que terán voz para tratar e expoñer asuntos de interese.

ARTIGO 56.- As propostas e iniciativas dos Consellos Parroquiais serán sometidas a debate e votación no Pleno da Corporación no prazo máximo de dous meses a contar dende o día seguinte a súa aprobación.



O Presidente ou Presidenta do Consello Parroquial, ou a persoa en quen deleguen, poderá intervir na sesión plenaria, quedando a súa intervención reflectida na acta da sesión.

ARTIGO 57.- No caso de que o Pleno aprobe a proposta ou iniciativa, farase pública a forma e o calendario con que se levará a cabo e destinará, no seu caso, a partida económica correspondente.

*CAPITULO 2.- DA ORGANIZACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO
DOS CONSELLOS SECTORIAIS E TERRITORIAIS.*

SECCIÓN 1.- DA COMPOSICIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CONSELLOS.-

ARTIGO 58.- De conformidade co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, a composición dos Consellos será establecida polo Pleno da Corporación, a proposta da Concellería competente, previa información da Comisión Informativa correspondente.

Poderán crearse, por acordo do Pleno, outros Consellos Sectoriais distintos dos previstos nesta normativa, que en ausencia de normativa particular, rexeranse supletoriamente polo previsto nas presentes normas.

ARTIGO 59.- Cada Consello, despois de constituírse, poderá dotarse dun regulamento de réxime interno de seu, no que, sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes desta normativa, regule a súa estrutura interna, constituicións de comisións de traballo, procedementos para os debates, e outros aspectos que sexan necesarios formular atendendo á especificidade das tarefas de cada Consello e ás posibilidades dos seus membros. O Regulamento interno de cada Consello será aprobado polo Pleno.

ARTIGO 60.- Os Consellos serán convocados con carácter ordinario, polo menos unha vez cada seis meses. Poderán convocarse con carácter extraordinario cantas veces decida o seu Presidente, acorde o Pleno, ou así o soliciten formalmente 1/3 dos seus membros.

ARTIGO 61.- As sesións ordinarias deberán celebrarse nun prazo non inferior a tres días hábiles despois da data da convocatoria. A Concellería responsable da área, en coordinación coa Secretaría, porá a disposición dos membros de cada Consello, no lugar que se destine ao efecto, a documentación necesaria ao adecuado desenvolvemento das súas tarefas.

ARTIGO 62.- As sesións extraordinarias serán convocadas no prazo máximo de tres días hábiles seguintes á data de entrada no Rexistro Municipal da solicitude. O Consello extraordinario deberá celebrarse nun prazo de vinte días, salvo caso de forza maior.

ARTIGO 63.- As decisións serán tornadas pola maioría simple dos membros do Consello.

SECCIÓN 2.- DA ESTRUCTURA INTERNA

ARTIGO 64.- Cada Consello contará, polo menos, cos seguintes cargos unipersoais de responsabilidade, que formarán a Mesa do mesmo: Presidente, Vicepresidente e Secretario.

ARTIGO 65.- O Presidente do Consello será o Alcalde ou corporativo en quen delegue.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

Serán funcións do Presidente:

- 1) Convocar e presidir as reunións do Consello.
- 2) Preparar a orde do día dos debates.
- 3) Ordenar os debates e someter a votación os acordos.
- 4) Executar os acordos do Consello.
- 5) Velar pola correcta aplicación do Regulamento de Participación e da presente normativa.

ARTIGO 66.- O Vicepresidente será nomeado polo presidente do Consello, e terá como funcións substituír a este na súa ausencia.

ARTIGO 67.- Un empregado ao servizo do concello exercerá as funcións de secretario destes órganos de participación.

As súas funcións son as que de seguido se apuntan:

-Asistir ás reunións.

-Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde do seu Presidente, así como as citacións aos membros do mesmo.

-Recibir os actos de comunicación dos membro do órgano, e polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

-Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

-Expedir certificación das consultas e ditames aprobados.

SECCIÓN 3.- DAS COMISIÓNS DE TRABALLO.

ARTIGO 68.- Por acordo do Pleno do Concello, poderán constituírse Comisións de Traballo con carácter temporal ou permanente, segundo as necesidades ou intereses do Consello.

Corresponde ás Comisións de Traballo, a elaboración de informes, estudos e propostas de actuación na materia da súa competencia.

O Presidente do Consello nomeará coordinador da Comisión algún dos membros do Consello que participe asumindo as funcións de impulso e dirección nas actividades da Comisión de Traballo, así como a representación da mesma.

Poderán participar nas Comisións de Traballo, os cidadáns e cidadás residentes en Bueu, que sexan requiridos polo Consello, para emitir algún informe técnico, ou ben admitir algunha cuestión que afecte ao colectivo que representa ou ben a el mesmo.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

SECCIÓN 4.- ESTATUTO BÁSICO DOS MEMBROS DOS CONSELLOS SECTORIAIS.

ARTIGO 69.- Os membros dos Consellos serán:

- a) O Presidente será o Sr. Alcalde ou Corporativo en quen delegue.
- b) O Vicepresidente será nomeado polo Presidente.
- c) O representante de cada grupo Municipal, será designado polo seu Voceiro.
- d) Os restantes membros serán elixidos polas entidades ou Asociacións ás que representan.

ARTIGO 70.- O nomeamento poderá extinguirse por:

- a) Revogación de membro por parte do órgano correspondente da Asociación ou Entidade que o elixiu.
- b) Por falecemento ou renuncia expresa do interesado.
- c) Por inasistencia inxustificada a tres reunións ordinarias consecutivas ou a cinco alternas.
- d) O fin do mandato corporativo.

Por cada membro do Consello correspondente, poderá nomearse un suplente que asista ás reunións e participe das tarefas do titular por ausencia xustificada deste.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.-Aprobada con carácter definitivo a presente normativa, abrírase un período de dous meses para a actualización do Rexistro de Asociacións.

Transcorrido dito período, a alcaldía ou Concellería delegada competente fará as xestións oportunas para que os partidos políticos e colectivos propoñan aos seus representantes dentro dun prazo non superior a 15 días. Logo elevará ao Pleno a proposta de composición concreta do Consello dentro do prazo dos 6 meses posteriores á aprobación definitiva do Regulamento de Participación Cidadá.

SEGUNDA.- Despois da aprobación polo Pleno da Corporación da composición concreta dos Consellos, e sen prexuízo dos Recursos que poidan presentarse, o presidente do Consello fixará a data e lugar da primeira reunión constitutiva.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas normas municipais ou disposicións opóñanse ao disposto no presente regulamento e, en concreto, queda expresamente derogado o Regulamento de participación veciñal publicado no BOP.PO núm. 74 de 16.4.1996, modificado por acordo plenario adoptado na sesión celebrada en data 4.11.2009 según resulta do anuncio publicado no BOP. PO núm. 245 de 22.12.2009.



Xoves, 11 de xuño de 2020

Núm. 111

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Este Regulamento, unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en cando sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local de conformidade co sinalado no artigo 70.2 de dita lei.

Considerarase para todos os efectos, e conforme ao disposto no artigo 70 bis.1 da LRBRL, parte integrante do regulamento Orgánico deste Concello.

(documento asinado electronicamente)

